

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN DOWN LUGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

En Lugo, a 9 de maio de 2023

Dunha parte, Dna. Lara Méndez López, con D.N.I. número 77594722J, actuando en nome e representación como Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de Lugo con domicilio en Lugo, Pza Maior nº 1 e C.I.F. P-2702800J.

E doutra parte, Dna. María José Blanco Freire, con DNI 33.840.089M, Presidenta da Asociación Síndrome de Down de Lugo (DOWNLUGO) con CIF G27202043, como representante da Asociación Down Lugo, con sede na Rúa Miguel de Cervantes nº 34, baixo, 27003 Lugo e que desenvolve o Servizo “Emprego con Apoio” coordinado pola Federación DOWN GALICIA.

Ambas as dúas partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para conveniar en nome e representación das institucións que representan

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación Síndrome de Down de Lugo (DOWN LUGO) ten entre as súas competencias impulsar a búsqueda de novas alternativas para mellorar a situación das persoas con síndrome de Down. A Asociación Síndrome de Down de Lugo é unha entidade sen ánimo de lucro, con ámbito de actuación na provincia de Lugo, que integra a persoas con síndrome de Down e as súas familias. A Asociación naceu no ano 1996, considerando que as persoas con síndrome de Down deben participar, nas diferentes etapas da súa vida, nas actividades cotidiás e habituais do seu entorno social, facendo uso dos recursos normais da comunidade na que viven.

II.- Que a Asociación Síndrome de Down de Lugo (DOWN LUGO), é beneficiaria das axudas que se enmarcan dentro das actuacións contempladas no marco da convocatoria específica de axudas económicas para Zona Menos Desenvolvida (-D) e Zona Máis Desenvolvida (D2), para a selección de operacións para o reforzo da empregabilidade de Persoas con Discapacidade “Un a Un” -POISES- para a integración e activación laboral de persoas desempregadas ou inactivas con discapacidade.

II.- Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, desenvolver un programa de Formación en Centros de Traballo, dirixido a persoas con discapacidade intelectual do Servizo “Emprego con Apoio” pertencente a entidade Down Lugo, e que fará posible que as mesmas fagan prácticas non remuneradas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo que se determinen. Este programa de Formación facilitará o proceso de inserción socio-laboral das persoas con discapacidade intelectual.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que o obxecto deste convenio de colaboración é o desenvolvemento dun programa de Formación en Centros de Traballo, dirixido a persoas con discapacidade intelectual do Servizo “Emprego con Apoio” pertencente a entidade Down Lugo, e que fará posible que as mesmas fagan prácticas non remuneradas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo que se determinen. Este programa de Formación facilitará o proceso de inserción socio-laboral das persoas con discapacidade intelectual.

SEGUNDA.- A duración das prácticas, o seu período de realización e o número de persoas participantes, serán determinadas igualmente por ámbalas dúas partes nos acordos específicos que se aprobarán, de ser o caso, e segundo a legalidade vixente.

TERCEIRA.- Os participantes que fagan as prácticas ó abeiro do presente Convenio-Marco desenvolverán as actividades formativas programadas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo ou de ser o caso, naqueles lugares nos que o Concello de Lugo desenvolva a súa actividade, que se determinen por este. A Asociación Down Lugo comprométese a facilitar o preparador/a laboral que con carácter necesario ten que acompañar presencialmente á persoa participante nas prácticas, e que será igualmente a responsable de que ésta realice a aprendizaxe precisa para acadar o nivel de formación necesario, así como de facilitarlle a adquisición das habilidades socio-laborais necesarias. Igualmente prestarase por parte da entidade Down Lugo o apoio psicolóxico que precise a

persoa participante para afrontar esta nova etapa. O Concello de Lugo facilitará na medida do posible a tarefa do preparador laboral, en aras de favorecer os apoios necesarios ao longo do proceso formativo da persoa participante.

CUARTA.- O Concello de Lugo comprométese ó cumprimento da programación de actividades formativas, que previamente fosen acordadas coa Asociación Síndrome de Down de Lugo, a realizalo seu seguimento e a valoración do progreso dos participantes, e, xunto co titor/a da Asociación, á revisión da programación, se fora necesario, unha vez iniciado o período de prácticas, e á vista dos resultados.

QUINTA.- O Concello de Lugo nomeará unha persoa como titor/a para a coordinación das actividades formativas que se realizarán nas súas dependencias, que garantirá a orientación e consulta do participante, facilitará as relacións co titor da Asociación e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ó titor da Asociación as actuacións de valoración e supervisión do proceso.

SEXTA.- Cada participante disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado polo titor/a do Concello de Lugo en colaboración co titor/a da Asociación. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas no Concello de Lugo, con rexistro de data e dos resultados mensuais. Estes resultados mensuais reflectiranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cumprirá o titor/a do Concello de Lugo.

SÉTIMA.- As persoas participantes non percibirán do Concello de Lugo ningunha cantidade económica pola realización das actividades formativas. Polo tanto, a sinatura do Convenio Marco non supón compromiso económico algún tanto para o Concello de Lugo como para Asociación Síndrome de Down de Lugo.

OITAVA.- Durante o período de realización de prácticas, a persoa participante estará acollida ó seguro subscrito pola Federación Down Galicia que cubrirá, como mínimo, os seguintes riscos:

- Morte
- Invalidez
- Garantirá igualmente a responsabilidade civil derivada dos feitos que teñan a súa orixe nos traballos realizados polas persoas participantes en centros de traballo por prácticas.

Tal seguro abranguerá as prácticas que se realicen tanto nos locais de traballo, así como calquera accidente ocorrido “*In Itinere*”. Abarcará ademais os accidentes das persoas usuarias en prácticas, de terceiros e de materiais en lugares onde se estea realizando a actividade por esixencias do traballo.

NOVENA.- Dado o carácter formativo das referidas prácticas, da súa realización non se derivarán en ningún caso para o Concello de Lugo obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. O Concello de Lugo non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas nas súas dependencias.

Tampouco o Concello de Lugo poderá percibir aportación económica da persoa participante. Igualmente a estancia do preparador laboral nas instalacións do Concello de Lugo, non significará, en ningún caso, vínculo laboral co mesmo, nin a asunción de ningún tipo de responsabilidades non contempladas neste convenio.

DÉCIMA.- Co fin de realizar un seguimento da execución, xestión e interpretación do Convenio Marco, prevese a existencia dunha Comisión de Seguimento, composta por representantes de cada parte asinante, que serán:

Pola Asociación Down Lugo:

Dna. María José Blanco Freire

Presidenta de Down Lugo

Polo Concello de Lugo:

Dna. Ana González Abelleira

Ilma. Sra. Tenente de Alcaldesa

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio-Marco entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos. En calquera momento, antes da finalización do prazo previsto anteriormente, os firmantes do convenio poderán acordar unánimemente a súas prórrogas por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Tamén se poderá rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, e baseada nalgunha das seguintes causas:

- Cesamento das actividades da Asociación Síndrome de Down de Lugo ou do Concello de Lugo
- Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- Incumprimento das cláusulas establecidas no Convenio específico de colaboración
- Mutuo acordo

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Lugo e a Asociación Síndrome de Down de Lugo, comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir na interpretación ou desenvolvemento do presente Convenio-Marco, por medio da Comisión de Seguimento. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver polo órgano anterior, someteranse á resolución da xurisdición contencioso administrativa, dado o carácter administrativo do Convenio-Marco.

LUGO,

Asdo: Lara Méndez López,

Firmado por LARA MENDEZ LOPEZ - 77594722J el día
18/05/2023 con un certificado emitido por AC
CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016

Asdo: María José Blanco Freire

**BLANCO
FREIRE MARIA
JOSE -
33840089M**
Firmado digitalmente
por BLANCO FREIRE
MARIA JOSE -
33840089M
Fecha: 2023.05.15
13:01:23 +02'00'

Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de Lugo

Presidenta da Asociación Síndrome de Down Lugo